



A FOLLA DA CGT

Núm. 79 - 15 setembro 2021

Non é normal

Onte, a empresa enviou *urbi et orbe* un correo informando de que antonte alcanzou un acordo sobre o **teletraballo** coa parte social na comisión central de Produtividade, pendente de

ser ratificado polo intercentros (reunirase o martes e mércores da semana que vén).

Varias **reflexións** sobre isto:

¿Non debería ser o comité de empresa o que **informase** os traballador@s sobre as materias que son do noso interese? É un erro de moito calibre que a maioría sindical **renuncie** a este aspecto da súa función representativa e o deixe nas mans da **empresa**.

¿Non debería o comité de empresa **difundir** ó conxunto dos traballador@s o texto íntegro do acordo?

¿Non debería o comité de empresa realizar un proceso de **assembleas parciais** e culminalo cunha **assemblea xeral** a fin de que a decisión do intercentros reflecta o sentir dos traballador@s?

O intercentros, como o comité de empresa, non son órganos "independentes" e, por tanto, os seus integrantes non poden facer o que lles pete. Son representantes do cadro de persoal e teñen que **consultar** ós traballador@s antes de asinar un acordo coa empresa.

ElectroRayma: calendario de mobilizacións

Onte reuníronse os comités de ElectroRayma e Navantia. Os compañeir@s de Rayma trasladáronnos o calendario de mobilizacións que teñen aprobado para esta semana e a seguinte, ó que pediron que nos sumásemos.

- **Venres 15:** saída ás 10:30 da porta do Arsenal para colgar buzos e posterior marcha a Facenda.
- **Martes 19:** saída ás 8:30 desde o comité de empresa dunha caravana de coches ata a Delegación do Goberno na Coruña.
- **Venres 22:** saída ás 10:30h desde a porta do Arsenal para manifestarnos ata o edificio da Xunta.

A proposta da CGT e da CIG nesa xuntanza foi que hoxe se celebre unha assemblea xeral para aprobar a participación do **conxunto** dos traballador@s da factoría nestas mobilizacións. A decisión da maioría sindical foi limitarse a facer un chamamento á participar nas dúas primeiras e deixar a assemblea para a semana que vén.



Denuncia en Inspección

A **CGT** presentou esta semana unha denuncia en Inspección contra Navantia, que non é a primeira nin será a derradeira, pola non publicación do **escalafón**.

Hai uns meses presentáramos outra por este mesmo motivo, ditando a Inspección que a non publicación do escalafón "supón **transgredir** dereitos recoñecidos ós traballadores, o que constitúe **infracción** en materia laboral procedéndose regulamentariamente".

Dado que Navantia segue sen publicalo, reiteramos a denuncia, engadíndolle que a empresa fixo caso omiso da resolución da Inspección, o cal representa unha burla ás normas laborais e ós organismos da Administración encargados de velar por elas, algo especialmente **grave** tratándose dunha empresa **pública**.


Co goberno máis progresista da historia, e a xefatura de RRHH actúa cun desprezo polos traballador@s e pola lei digno do PP.

Mellorando o presente

Na nosa comarca temos vistas moitas chapuzas e irregularidades nos procesos de prazas. Pero nas outras tamén pasan cousas.

Ás prazas de operarios sénior 2019 se puideron presentar os profesionais que tiñan titulación **OU** experiencia.

Pero as novas bases pactadas por CCOO, UGT, CSIF e CAT en maio na Comisión Central de Emprego estableceron como requisito titulación **E** experiencia. Agora din que ese non era o "espírito". Pois non o sería, pero foi o que asinaron. Pregunta: len **antes** de asinar ou, como hai confianza, asinan sen máis o que lles pon a empresa diante?



En xuño, San Fernando fixo unha convocatoria de operarios sénior esixindo **titulación**. Tampouco deberon lela antes de publicarse. Cando saíron as listas provisionais, a liorta foi maiúscula porque o número de **non** admitid@s era de **escándalo**.

Como amañaron a desfeita? **Cambiaron** as **bases** da convocatoria de forma **retroactiva** para admitir ós inscritos sen título. Vaia **trangallada**.

O que se debeu facer foi anular a convocatoria e facer outra sen ese requisito, para darlle a oportunidade de participar ás persoas sen titulación que xa non chegaron a inscribirse porque viron que non cumprían os requisitos. Se lles meten unha **demanda**, terana ben merecida.

Convocatorias de prazas

Hoxe a primeira hora houbo reunión coa empresa sobre a convocatoria de prazas en marcha.

* **Operarios-emplegados sénior:** A **CGT** volveu insistir na importancia de que se publiquen canto antes os **horarios** dos exames. Estamos xa a menos dunha semana do día (xoves 21) e a xente ten que organizar a súa vida. Non nos parece normal que a estas alturas aínda non se saiban as horas de cada exame. A empresa comprometeuse a publicar **hoxe** tanto os horarios de cada profesión como o lugar de realización das probas. Esperemos que cumpra porque xa foi espera dabondo.

A **CGT** reiterou a proposta de que se permita que as persoas que se examinen poidan levarse unha copia das súas respostas a cada pregunta e que, unha vez rematados os exames, se publiquen no portal de Emprego de Navantia a resposta correcta a cada pregunta, a fin de que cada quen poida calcular a súa nota. Isto é algo habitual en moitas oposicións á Administración e redunda nunha maior transparencia do proceso. Navantia é unha empresa **pública** e debería abandonar o escurantismo que practica.

* **Bombeiros (técnicos de emerxencias):** A empresa comprometeuse a manter unha reunión co comité a semana que vén para avanzar no proceso previo á publicación das listas provisionais de admitidos e non admitidos.

Xornadas abusivas en Carenas (tamén na baía de Cádiz)

No nº 76 da **Folla** denunciabamos o incumprimento dos descansos mínimos por parte de Tecman en Carenas. Esta semana, tanto o comité de Navantia-Cádiz como a Coordinadora de Traballadores do Metal denunciaron que na renovación do cruceiro *Carnival Radiance* se incumpriron estes descansos sistematicamente, chegando a realizarse xornadas de 80 horas semanais.

O comité de empresa non pode continuar mirando cara outro lado ante a problemática de Carenas, empezando por non aceptar a chantaxe permanente respecto da destrución de postos de traballo.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

